


CRONOLOXÍA: Recentes estudos de Carbono 14 o rexuveneceron 300 anos. Pensábase que era a súa construción sería entre os séculos V ao VII mais na actualidade sitúana entre os séculos IX ao X (É a igrexa máis antiga do sur da provincia de Pontevedra).

ESTILO: Prerrománico, con influencia mozárabe e non visigodo, termo popular co que é coñecido.

LOCALIZACIÓN: San Xoán de Panxón, Nigrán, Pontevedra. Xunto ao templo Votivo de Antonio Palacios.

DECLARACIÓN: Monumento nacional no 1964


HISTORIA: Orixinariamente debeu ser unha pequena ermida, mais os restos arqueolóxicos actuais foron aproveitados para dar acceso ao presbiterio dunha igrexa parroquial de planta basilical, chamada San Xoán de Panxón. Durante moito tempo o arco pasou desapercibido até que no ano 1926, a causa dunha reconstrución da igrexa, foi visible baixo varias capas de cal, situado como arco de acceso ao presbiterio da antiga igrexa de San Xoán. Esta foi substituída nos anos 30 polo novo Templo Votivo do Mar de Antonio Palacios (1932-1937). Este arquitecto porriñés pediu a conservación do arco, que lle servira como inspiración da súa obra, a cambio de facer gratuitamente o proxecto.





CARACTERÍSTICAS: Portada con arco de ferradura, apoiado sobre dúas columnas, que orixinariamente eran catro (hoxe desaparecidas), con fuste liso (parte soterrada). Unha pequena ornamentación nos capiteis corintios adornados con follas e incisións.

PARTES DE UN ARCO



BIBLIOGRAFÍA:

<https://www.farodevigo.es/comarcas/2016/12/15/prueba-carbono-14-rejuvenece-arco-16429689.html>

<https://www.turismo-prerromanico.com/monumento/arco-de-san-juan-de-panjon/>

<https://image.jimcdn.com/app/cms/image/transf/none/path/sbc1cd6b93d4ac7be/image/i360d4eddeb06619c/version/1391462810/image.jpg>